



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo	Código	652G03036	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Web	www.udc.es (página Web de la Facultad de Ciencias de la Educación)			
Descrición xeral	<p>A materia "Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo" proponse prantexar ao alumnado, desde una perspectiva filosófica (polos conceptos e teorías ós que se recurre, tomados do pensamento do século XX), unha reflexión sobre algúns dos principais desafíos que debe afrontar a sociedade contemporánea. Trátase de cuestións que afectan, desde un punto de vista reflexivo, á labor dos educadores sociais, pois as dificultades prácticas que estes teñen que afrontar non poden desligarse dalgúns dos grandes problemas abordados pola filosofía do pasado século.</p> <p>Cuestións como o debate en torno á posmodernidade, a presenza da barbarie na historia máis recente, a crítica dunha racionalidade unilateralmente orientada ó científico-técnico, os procesos de emancipación da muller ou a impronta da secularización na nosa situación cultural cóntanse entre os asuntos a reflexionar a partir de textos filosóficos.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Práctica do comentario por parte do alumnado dos fragmentos extraídos dos textos traballados *Metodoloxías docentes que se modifican De desaparecer a docencia presencial, manterase o horario oficial de clases con docencia virtual a través de Microsoft Teams. Tamén se ofrecerá a posibilidade de titorías vía e-mail ou mesmo Microsoft Teams</p> <p>3. Mecanismos de atención persoalizada ó alumnado Posibilidade de titorías virtuais dentro do horario oficial de titorías</p> <p>4. Modificacións na avaliación Se resultase imposible a realización presencial das probas escritas e non fose posible garantir a súa realización en condicións académicas satisfactorias, se suprimirá a proba mixta e a proba do libro de lectura se fará de xeito virtual, consistindo en cuestións de resposta breve. Nese caso, en lugar de entregar tres comentarios, o alumnado deberá entregar cinco (un por cada unha das unidades temáticas). *Observacións de avaliación: Os criterios de avaliación dos comentarios seguen a ser os vixentes para o ensino presencial No caso hipotético de non ter lugar a proba mixta, a cualificación do alumnado modificarase do seguinte xeito: 5 comentarios (50 %) ? proba do libro de lectura (40 %) ? asistencia e participación (10 %)</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ó igual que no ensino presencial, facilitaranse ó alumnado arquivos con material complementario sobre as unidades temáticas</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A4	Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Analizar os efectos sociais e culturais do proceso secularizador nas sociedades modernas, tomando conciencia das súas consecuencias tanto positivas como negativas	A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B5
Interpretar os supostos e consecuencias do réxime patriarcal, asumindo unha actitude crítica	A2 A4 A5 A8 A11 A14	B1 B2 B4 B5 B6	C1 C3 C4
Analizar a importancia das técnicas de reprodución da imaxe na sociedade contemporánea, adoptando unha actitude crítica fronte ós seus efectos negativos	A1 A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B4 B5 B6	C1 C3 C4 C6 C7 C8
Tomar conciencia das prácticas de barbarie que acompañan ó desenvolvemento civilizadorio e da necesidade de prevenir a súa aparición	A1 A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B4 B5	C1 C4 C6
Identificar os principais factores que ameazan ó ecosistema e tomar conciencia da necesidade da súa preservación	A1 A2 A5 A8 A11 A14	B1 B2 B5	C1 C3 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Civilización e barbarie no mundo contemporáneo	1.1. Balance da Ilustración: modernidade vs. posmodernidade 1.2. A barbarie nazi: o mundo concentracionario
2. A crítica da "razón instrumental";	2.1. A "teoría crítica"; da Escola de Fráncfort 2.2. Limitacións da tecnociencia 2.3. A crítica ecoloxista ó progreso



3. Emancipación e igualdade: filosofía e xénero	3.1. As conquistas do feminismo contemporáneo 3.2. O existencialismo coma filosofía da liberdade 3.3. O feminismo de Simone de Beauvoir
4. O proceso de secularización	4.1. O diagnóstico de Nietzsche: "Deus morreu" 4.2. Consecuencias socioculturais da secularización 4.3. Crítica da relixión e herdanza das tradicións relixiosas
5. A crítica á civilización da imaxen	5.1. Aspectos filosóficos (ontolóxicos, éticos e políticos) da civilización da imaxen 5.2. O novo estatuto da imaxen resultante do cine

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 A20 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 C8	20	37	57
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A20 B1 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	20	6	26
Lecturas	A1 A2 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C7	0	26	26
Proba mixta	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C8	2	33	35
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	O traballo do seminario constitúe, xunto coas sesións maxistras, o elemento central do traballo de aula na materia. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artigos e capítulos de libros) propostos ó alumnado. O traballo de seminario supón unha dobre tarefa, a realizar fóra da aula, por conta do alumnado. Por unha banda, a lectura previa dos textos. Por outra, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos e posterior, en consecuencia, ás sesións de seminario. Propóránse ó alumnado 5 fragmentos, un por cada un dos bloques de contidos, dos que entregará 3 comentarios.
Sesión maxistral	Recurrirá á exposición oral do profesor, co obxectivo de introducir nos núcleos conceptuais principais das unidades temáticas abordadas e establecer as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario.
Lecturas	Propóranse varios libros de lectura dos que o alumnado seleccionará un. Na aula ofreceranse unhas orientacións xerais, pero a lectura do libro será tarefa do alumno fóra da aula. Deberá assimilar o contido do texto, poñéndoo en relación co conxunto da materia, e elaborar un xuízo crítico sobre o mesmo. Na proba mixta incluírase un apartado referido ó libro de lectura, que permitirá cualificar este aspecto do traballo do alumnado. Propoñeráse ó alumnado a posibilidade de adiantar a realización da proba do libro de lectura, realizándoa durante o período lectivo.
Proba mixta	Realizarase segundo a data e hora previstas no calendario oficial de exames. Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistras coma nos seminarios.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Seminario Proba mixta	As dúbidas puntuais que os alumnos prantexen poderán ser resoltas no interior da aula. Aqueles casos que requiran máis tempo de atención persoal serán atendidos nas titorías, dacordo co horario que figurará no taboleiro do despacho do profesor. Tamén se atenderán consultas dirixidas a través do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A1 A2 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C7	A cualificación do libro de lectura farase mediante a resposta do alumnado a unha cuestión que se lle prantexe sobre o mesmo, acompañada dun breve fragmento. A cualificación máxima será de 2 pts. Valorarase o nivel de comprensión e síntese do libro leído, a conexión que se estableza entre o seu contido e o conxunto da materia, a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración.	20
Seminario	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 A20 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 C8	A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa por parte do alumnado dos textos e a elaboración polo mesmo de 3 comentarios (sobre os 5 fragmentos que se lle ofrecerán e que estarán extraídos dos textos traballados nos seminarios), farase do seguinte xeito: tres cuartas partes corresponderán á cualificación dos comentarios, con unha puntuación total máxima de 3 pts. (1 pto. de cualificación máxima por cada comentario) e a cuarta parte restante valorará a asistencia e participación do alumnado nas sesións de seminario, correspondéndolle unha cualificación máxima de 1 pto.	40
Proba mixta	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C8	A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos obxecto de análise nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 pts., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistras como nas de seminario), cuxa cualificación máxima será tamén de 2 pts. Valorarase, no caso do comentario, a análise conceptual do fragmento, a reconstrución da súa estrutura discursiva e a contextualización nun marco máis amplo (autor; corrente; época; problemática); asimismo, a claridade expresiva e a precisión no uso dos conceptos. No que atinxe á cuestión teórica, serán obxecto de valoración: a cantidade e calidade da información recollida na resposta; o enfoque global da mesma; o rigor conceptual e discursivo da exposición; a claridade expresiva.	40

Observacións avaliación



Esquema de reparto da avaliación do alumno (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.):

- a) PROBA MIXTA.- a súa cualificación máxima será de 4 ptos. Deles 2 corresponderán ó comentario e 2 á cuestión teórica.
- b) SEMINARIO.- 4 ptos. de cualificación máxima. Deles 3 corresponderán ós 3 comentarios que o alumno terá que entregar (1 pto. por comentario) e 1 á valoración da asistencia e participación na aula.
- c) LECTURAS.- 2 ptos. de cualificación máxima. Cualificarase por medio da resposta do alumno a unha cuestión que, a partir dun fragmento da obra elexida, lle sexa prantexada. O alumno respostará xunto coa proba mixta pero haberá dúas cualificacións distintas (a da proba mixta -4 ptos.- e a do libro de lectura -2 ptos.-). Proporase ós alumnos a posibilidade de adiantar a proba do libro de lectura, realizándoa duante o periodo lectivo.
- Na segunda oportunidade (Xullo) manteñense os criterios anteriores, coa salvedade de que o punto reservado á asistencia e participación na aula distribuírase entre as outras tres cualificacións parciais, segundo a súa aportación proporcional á cualificación global.
- Admítese a dispensa académica. No caso de atoparse alumnas o alumnos nesta situación, establecerase dun xeito persoalizado a orientación do seu aprendizaxe na materia mediante unha porcentaxe mínima de asistencia á aula e/ou asistencia a tutoría. En calquera caso, os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Simone de Beauvoir (2005). El segundo sexo. Madrid, Cátedra - Jean-François Lyotard (1995). La postmodernidad explicada a los niños. Barcelona, Gedisa - Hans Jonas (1995). El principio de responsabilidad. Barcelona, Herder - Hannah Arendt (2006). Los orígenes del totalitarismo. Madrid, Alianza Editorial - Max Horkheimer (2010). Crítica de la razón instrumental. Madrid, Trotta - Friedrich Nietzsche (2001). La gaya ciencia. Barcelona, Akal - Max Horkheimer (2000). Anhelos de justicia. Madrid, Trotta - Walter Benjamin (2006). La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica (Obras libro I/vol. 2). Madrid, Abada - Judith Butler (2002). El género en disputa: el feminismo y la subversión de la identidad. Barcelona, Paidós - Giovanni Sartori (2012). Homo videns: la sociedad teledirigida. Madrid, Taurus
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Manuel Cruz (2002). Filosofía contemporánea. Madrid, Taurus - Christian Delacampagne (1999). Historia de la filosofía en el siglo XX. Barcelona, Península - José Luis Villacañas (1997). Historia de la filosofía contemporánea. Madrid, Akal - Almudena Hernando (2012). La fantasía de la inividualidad: sobre la construcción sociohistórica del sujeto moderno. Madrid, Katz - Simone Weil (1995). Reflexiones sobre las causas de la libertad y de la opresión social. Barcelona, Paidós - Günther Anders (2012). El piloto de Hiroshima: más allá de los límites de la conciencia. Barcelona, Paidós - Günther Anders (2011). La obsolescencia del hombre (2 vols.). Valencia, Pre-textos

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías